

O ROUBO, VERDADEIRO OU FALSO?

“Agora que sabedes que estou aquí quedo moito máis tranquila. E espérovos”.

Esta é a mensaxe que recibimos a semana pasada, da nosa veciña Mar. Algo malo acontecía, así que fomos á súa casa para ver que pasaba.

Cando chegamos, a porta estaba aberta e a casa estaba patas arriba, coma se roubasen. Arrepiados, subimos á planta de arriba, na que se escoitaban unhas voces . Cando entramos no cuarto de onde proviñan, vimos que do armario colgaba unha corda, abrímolos e... alí estaba Mar.

Contounos que entraran a roubar e que a pecharan no armario.

Non estabamos moi seguros de que Mar dixese toda a verdade, xa que nos parecía todo moi sospeitoso.

Entraran a roubar e non levaron nada? Encerraran a Mar no armario que estaba aberto e ela non saíra? Por que nos enviou a mensaxe a nós e non á policía?

Que pasou alí realmente?

Ainhoa Sousa Martínez .2ºD